



PREGUNTA ORAL SOBRE O LOCAL SOCIOCULTURAL DE SAN PEDRO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No anexo I do Prego de prescricións técnicas para contratación do “servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago”, onde se contén a enumeración e descrición das instalacións que integran esta rede, na que se desenvolven as actividades de dinamización, inclúese na categoría un local sociocultural na zona de San Pedro cunha superficie de 155 metros cadrados.

Polo que se di, trátase do único local da relación cun réxime de uso de “alugueiro privado”, no que non se detalla vinculación ningunha con asociación ou entidade veciñal concreta e no apartado onde se recollen as fichas de cada un dos 44 inmobles da rede sociocultural, o campo destinado a incluír o enderezo aparece baleiro.

À vista do anterior fórmulase a seguinte pregunta:

- ***Cal é a localización exacta do local sociocultural de San Pedro, quen paga o seu aluguer e cal é a razón pola que se inclúe este local na rede de CSC do Concello de Santiago?***

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela